


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 10 - 2025

Xosé A.
Fernández Salgado
(ed.)



Universidade de Vigo

Departamento de
Filoloxía Galega e Latina

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 10 - 2025

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 10/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2025

184 p.; 24 cm

D.L. VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Xosé A. Fernández Salgado, Sandra Comesaña Pires, Natalia Otero Oubiña, Ariel Quintela Sesar, Olalla Vizoso González, Silvia Miguélez Trabazos

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 10:

Xosé-Henrique Costas González (UVigo), Benigno Fernández Salgado (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Gráficas Muriel

Dep. Legal: VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida nas bases de datos DIALNET e BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL e na *Linguistic Open Access Journals*, compiled by Jan Szczepanski.

Índice/Index

- 9** Limiar /
Introduction
- 11** XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Dez anos de Filoloxía Galega na revista *Cumieira* (2016-2025) /
A Decade of Galician Philology in the Journal Cumieira (2016-2025)
- 39** SANDRA COMESAÑA PIRES
Estratexias e retos das familias na transmisión e mantemento do galego
en Vigo / *Strategies and Challenges of Families in the Transmission and
Maintenance of Galician in Vigo*
- 61** NATALIA OTERO OUBIÑA
Galego e castelán en contacto no audiovisual de Galicia: o caso da serie
Fariña / *Galician and castilian languages in touch on the Galicia's
audiovisual industry: the case of series Fariña*
- 107** ARIEL QUINTELA SESAR
Bases para un dicionario LGBT+ Galego / *Basis for a Galician LGBT+
Dictionary*
- 139** OLALLA VIZOSO GONZÁLEZ
Variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo / *Linguistic variation in the municipalities
of Tui and Tomiño: the variants related to seseo*
- 177** Recensións / *Reviews*
Costas, Xosé-Henrique (2025): *A fala de Vigo*. Vigo: Área de Normalización
Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo / Faladoiros Vigo
por SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS
- 179** Autoras e autores de *Cumieira*, Vol. 10 /
Cumieira's authors
- 180** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

RECENSIÓNS

Reviews

Xosé-Henrique Costas González (2025): *A fala de Vigo: Trazos diferenciais da variedade dialectal do Val do Fragoso*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo / Asociación Faladoiros Vigo.

Neste 17 de maio de 2025 en que honramos ás cantareiras populares saíu do prelo *A fala de Vigo: Trazos diferenciais da variedade dialectal do Val do Fragoso*, unha publicación coa que o profesor Xosé-Henrique Costas louva «as nosas avoas polo moito que cantaron nos labores do campo e da ribeira [...] sobre abades, muiñadas e cornetadas». Para a redacción deste libro (reeditado pola Área de Normalización Lingüística e o Concello de Vigo), foi fundamental a colaboración da Asociación Faladoiros Vigo e de Ramón Martíns Seixo. Conta, ademais, cun excelente prólogo do mestre e escritor «ourensao-vigués» Méndez Ferrín, quen afirma, con orgullo, que o galego desta bisbarra alenta no seu xeito de escribir e falar. Pola súa parte, sorprende a saúda do alcalde, pois as súas declaracións non se corresponden cos seus actos nin políticas.

Na introdución, Costas sitúa a fala de Vigo xeograficamente no Val do Fragoso (dentro das falas do sur de Pontevedra, no bloque occidental). O investigador distingue, amais, tres zonas dialectais: o Fragoso Norte, o Fragoso Sur e o Fragoso Mixto; nelas destacan os falares das parroquias, que se constitúen como unha testemuña oral de que en Vigo o galego resiste. Após esta contextualización, debulla os trazos dialectais desta microsubárea da ría de Vigo en tres apartados que atenden a distintas pólas da lingüística: fonética, fonoloxía e prosodia; morfoloxía; e léxico e fraseoloxía. Xa que logo, a nivel fonético e fonolóxico, Vigo caracterizaríase, a grandes trazos, por presentar gheada e seseo, mais o que é relevante neste punto é a distinción que fai o autor entre o Fragoso Norte (con gheada velar e seseo apicoalveolar) e o Fragoso Sur (con gheada aspirada e seseo predorsal). Ademais, achega unha perspectiva interesante ao ilustrar estas características con mostras toponímicas como, por exemplo, *A Quirincosta*, que presenta o enxordecemento da gheada no grupo *-nk-* ou *As Sías* (topónimo, tradicionalmente con seseo, hoxe deturpado por *As Cíes*). Porén, coido que non é de todo preciso ao falar de certos fenómenos, como a inestabilidade do /ε/, que cualifica de «novidade do galego de Vigo dentro do galego común e do bloque occidental» (pp.14), xa que é un fenómeno que abrangue outras áreas, como a do Baixo Miño (así o mostra el mesmo no mapa que adxunta, que leva por subtítulo: «a inestabilidade do /ε/ no suroeste de Pontevedra»).

No que respecta á morfoloxía, un trazo senlleiro que sinala Costas é o emprego da forma oblicua do pronome, por exemplo en *Aí o vén*, así como a perífrase obrigatoria

CUMIEIRA. *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 10, 2025, pp. 177-178, ISBN: 978-84-1188-083-1

querer + participio flexivo (por exemplo en *Eses coches querían lavados*). Verbo da orixe desta perífrase, o profesor achega dúas hipóteses realmente interesantes, nunha delas apunta unha posible relación con outras linguas célticas, ao se rexistrar o seu uso no «inglés falado sobre base gaélica», interferencia que tamén se produce no castelán popular das falas do sur de Pontevedra. No entanto, e tendo en consideración a achega que realiza o dialectólogo, a forma en que presenta este fenómeno volve levarnos, ao meu parecer, a que a aparición do mesmo só ten lugar en Vigo: «é moi usada por galeguismo no castelán popular de Vigo mais descoñecemos que se empregue en calquera outra lingua ou variedade da península ibérica [...]», para concretar máis adiante: «entre Vigo e o Miño» (pp.19). Deste xeito, consciente ou inconscientemente, pon o foco en Vigo e deixa fóra toda a área do Morrazo, onde tamén é frecuente que se empregue esta construción perifrástica.

No último bloque ocúpase do léxico e a fraseoloxía. Cómpre lermos este apartado polo miúdo pois, como ben di o autor, a fraseoloxía é o «eido onde se producen as maiores interferencias do castelán no galego». Costas ofrécenos expresións tradicionais das que podemos botar man para evitarmos calcos innecesarios do castelán, así pois, no canto de dicir *O zapato para o zapateiro* podemos optar por *A gaita pro ghaiteiro*, co mesmo significado, referido a que cada traballo ten que o facer o seu especialista e non un afeccionado. Tamén temos *Quen de novo foi bailador, de vello dálle un xeitiño*, equivalente ao castelán «*Quien tuvo retuvo*» (mal traducido, con frecuencia, como **Quen tivo retivo*); ademais, esta fórmula popular é moi produtiva, xa que podemos substituír *bailador* por calquera substantivo ou adxectivo rematado en *-or* —por exemplo, *Quen de novo foi xogador, de vello dálle un xeitiño*— e a estrutura mantense, tanto en masculino coma en feminino. Alén destas, no lugar de *Quen cala outorga*, podemos empregar *Quen cala fode a quen fala*, refrán que dá conta dunha mentalidade oposta á do castelán. Ademais, outras frases feitas contan cunha tradición oral secular, este é o caso de *Mexar contra a parede*: como ben explica o profesor, na *Historia Brittonum* (s. IX) recóllese que, cando os saxóns invadiron Anglia, secuestraban mulleres e nenos e mataban «os que mexan contra a parede», isto é, os homes adultos.

Para concluír, e como xa se mencionou, é preciso destacarmos que non todos os trazos e expresións recollidos son diferenciais e exclusivos de Vigo, moitos compártense co Val de Miñor e Baixo Miño, así como con outras zonas do sur de Pontevedra. Non por iso temos que negar a grande importancia desta colleita, escrita, na maior parte dos casos, cunha linguaxe asequible para calquera lector, independentemente da súa formación académica, o que é moi relevante para tentar recuperar falantes nunha cidade cada vez máis desgaleguizada.

SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS
silvia.miguelez11@gmail.com